

Creación

O vento

Fermín Bouza ÁLVAREZ

*Os traballos lingüísticos sobre o silencio
están aínda pouco desenvolvidos.*

(Ray L. BIRDWHISTEL)

O vento
batendo nas ourelas cun piano de auga.
A música de pedra
trepando as catedrais.
Os libros miniados nas longas soildades.
Os homes que crearon a beleza.
A música do tempo na pátna das horas.
Os bosques que cribaron o segredo da luz.
O son da auga no silencio.
As palabras que tecen o poema.
Un só de violín se non me amas.
Un só de tuba cando veña o medo.
A luz, a luz nas penedías
cando a tarde devala.
Unha ave no ceo e ti fitando
ese voar tan quedo.

O silencio na cela dos que falan consigo.
A beleza do instante nos teus ollos.
O nacemento da melancolía
na memoria das horas.
¿Levarás me a ti cando esa música
reclame no silencio da alta noite
o momento dos corpos e a beleza
dun instante feliz?
As horas traen o día
nesa luz de cristal, que vén de lonxe,
do horizonte que urdiu a rebelión.
O lume dos Outonos espellando nas uvas.
O lume dos Invernios que acariña nos ósos.
O traballo da pedra polo vento incesante
esculpindo nas rochas os rostros dos antigos.

O ruído do río trae un canto de séculos:
a constancia da auga dende a orixe da luz.
E o tempo vai tramando

modulacións na liña do horizonte,
 o cambio imperceptíbel dun matiz,
 unha beleza igual e renovada,
 o cambio, que é mentira,
 pero deixa a ilusión da diferencia,
 a apariencia do río irrepetíbel.
 ¿Cambia a constancia da mirada, o medo
 do home frente as sombras,
 o asombro recorrente do que fita e non sabe?
 Cambia de sitio a pedra, pero fican
 no seu lugar os ollos de quen mira:
 ollos devoradores
 mirando a persistencia das estrelas
 na mourenza da bóveda,
 o silencio do escuro que é unha música,
 as dúbidas da noite por ser día,
 ese momento ambiguo da luzada
 que aínda é sombra e silencio.
 Vagamente amañece
 nas ribeiras de luz que ninguén pisa
 dende o tempo das sombras.
 Unha patria calada na longura
 que unha mirada abrangue.
 Chegará o medio día lumegante do astro,
 a beleza das cousas detidas para sempre
 no equilibrio da luz,
 os espacios da tarde para irse
 ao cerne da arboreda, onde se criba
 a luzada do astro.
 Espacios de silencio onde crece a palabra
 que se inza no íntimo.

Os homes que loitaron por facernos libres.
 Os que amaron e foron descubrindo
 os segredos do amor en corpo e alma.
 Os encontros con nós na viaxe íntima.
 Ese instante de luz, a transparencia
 do cristal que separa corpo e alma.

Hai que calar cando acariña o vento
 o pico das coníferas,
 cando vén o silencio e torna o aire
 a calar ou soprar, e cala ou sopra
 segundo sexa a música que move
 o espírito do vento, tan amigo
 de cambiar o concerto ao seu gusto e razón.

Hai un son para unha árbore,
 un para cada pedra, un vento
 para o xardín das rosas,
 un vento para os bosques,
 un vento das vaguadas e dos ríos,
 o alto vento dos cumes,
 hai un vento romántico e terríbel,

un vento para o té, suave
 na saia das señorás,
 agradábel nos pés, acaríñante,
 un vento sensitivo para mover cabelos,
 un vento para os rostros que gustan da dozura,

A luz
 na lámina de mica que espella no granito
 un anaco de astro.
 A luz polas vidreiras do silencio
 entrando ás catedrais.
 A luz que trepa nos perfís das laxes.
 A luz dunha capela
 entrando pola fiestra que é unha fírgoa
 e alumando o silencio dun deus mudo.
 A luz do día cando a noite dura.
 A luz que fulxe e cega
 nas praías da lembranza.
 A luzada da lúa na alta noite.
 A luzada da alba máis esquiva.
 O lumazo vermello dos solpores.
 A luz na catedral para subir por ela
 ata a beira dun deus inacadábel.

A luz de Outono no interior da casa.
 A luz nas augas coma un deus brillante.
 A luz do medio día no alto Inverno.
 A luz era unha música subindo
 pola desolación da madrugada.
 Hai unha luz no frío das fiestras.
 Unha íntima luz nos obxectos de inverno
 subliñando os perfís con dedos fríos.

O silencio
 no cuarto das mazás e unha luz tépeda
 retida no interior por un pintor de Outono.
 O silencio dun deus nas horas íntimas.
 O silencio do medo nunha sala de cine.
 O silencio no cuarto do defunto
 rodeado de labios que se moven
 e unha luz coma un soño.
 O silencio na Igrexa unha tarde pagana.
 O silencio dos deuses no seu mundo.
 O silencio da música.
 O silencio.